OBSERVACIÓNS Á ANÁLISE DE IMPACTO DEMOGRÁFICO DO ANTEPROXECTO DE LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA

Solicitante: Consellería do Medio Rural

Expediente: 2022/39

FEITOS

A Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Consellería do Medio Rural remite, o día 28 de xuño do 2022, a esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude o Anteproxecto de Lei da calidade alimentaria de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.PERTINENCIA DA ANÁLISE DE IMPACTO DEMOGRÁFICO.

Segundo o disposto no artigo 8.1 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos procedementos de elaboración de proxectos de lei e decretos, así como de documentos de planificación sectorial que tramite a Administración autonómica, deberá darse traslado do texto proxectado, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a formulación, se é o caso, das observacións que considere procedentes nesta materia.

Así mesmo, o apartado 9º do artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, engadido pola Disposición Derradeira Segunda da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece que todos os proxectos de decreto serán remitidos, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección competente en materia de dinamización demográfica, para os efectos previstos no artigo 8 da Lei de impulso demográfico de Galicia.

Por outra banda, o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, recolle no seu artigo 13.1 c, que lle corresponde á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica , como órgano de dirección da consellería, a función de exercer as políticas destinadas a favorecer e impulsar o crecemento demográfico, a renovación xeracional e a reverter o envellecemento poboacional.

Complexo San Caetano – Edificio 8 B
T. +34 981 544 655
dxfamiilia.politicasocial@xunta.gal
www.xunta.gal

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 12/07/2022 10:20:45

CVE: NCYM1isa5TG1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. OBSERVACIÓNS EN CANTO A AVALIACIÓN DO IMPACTO DEMOGRÁFICO.

O artigo 3 e) da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, define o impacto demográfico como a identificación e valoración dos diferentes efectos e resultados dunha norma ou dunha política pública no comportamento da poboación, co obxecto de neutralizar posibles efectos que dificulten ou impidan o impulso demográfico, definindo este no apartado c) como o conxunto de medidas dirixidas ao desenvolvemento sustentable e ao logro do equilibrio territorial e social, de modo que se creen contornos favorables para o asentamento da poboación, o desenvolvemento saudable e o benestar da infancia e unha libre realización dos proxectos vitais que permita cumprir as expectativas e os desexos da poboación de poder formar unha familia e aproxime a fecundidade á media da Unión Europea, que promova o envellecemento activo e saudable e que facilite o retorno das galegas e dos galegos residentes no exterior e a atracción de nova poboación ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na avaliación que acompaña o anteproxecto de lei, establécese, que o impacto demográfico da norma é positivo, xa que potencia as denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, fomenta as producións locais e o desenvolvemento das zonas rurais nas que tradicionalmente se obteñen, impedindo a deslocalización das producións, así como o fomento dos produtos ecolóxicos a través do comercialización en curto. No campo da economía, potencia as sinerxías entre distintos organismos e axentes do sector alimentario, así como a promoción dos produtos galegos de calidade, e a súa distinción a través dun distintivo que mellora a súa comercialización.

Unha vez analizados o anteproxecto de lei, e a avaliación que o acompaña, obsérvase, que a norma impulsa a calidade diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia, reforzando a posta en valor dos produtos de calidade, apoiando as denominacións de orixe protexidas, ás indicacións xeográficas protexidas e outras figuras de protección, facendo que os produtos galegos que se acheguen ao mercado sexan máis atractivos para os consumidores, así como máis seguros e de mellor calidade, ao estar obrigados a pasar controis máis rigorosos, impulsando a sustentabilidade da produción alimentaria galega, tanto dende o punto de vista ambiental, como económico e social, o que vén a cumprir unha das pretensións da Lei de impulso demográfico de Galicia, que recolle na súa exposición de motivos. A norma tamén cumpre a obriga de que se apoie o comercio de proximidade, mediante a creación e o desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e de mercados locais, fomentando a transformación e o procesado dos produtos a pequena escala e con destino a mercados de alta calidade, acadando un maior valor engadido, así como impulsando a creación de ferramentas tecnolóxicas e dixitais que melloren o comercio en liña.

Tamén se valora positivamente, a regulación das funcións dun organismo que se dedique a desenvolver as actividades de I+D+i nos sectores agrario, gandeiro e forestal, así como investigar e promover o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario, que permitirá a creación de emprego de calidade nas zonas rurais, limitando a problemática do seu despoboamento, así como mellorando as capacidades produtivas dos sectores primarios, e facendo que estas actividades sexan máis atractivas para as mozas e mozos galegos.

Outra das valoracións positivas, é o establecemento do réxime xurídico da produción ecolóxica, da artesanía alimentaria así como a definición do que se entende por produtos alimentarios tradicionais de Galicia, e o establecemento dun catalogo de produtos tradicionais galegos, que realizará a Axencia Galega da Calidade

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 12/07/2022 10:20:45

CVE: NCYM1isa5TG1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Alimentaria, en colaboración co sector, no que se recollerá, tanto a identificación como a definición dos mesmos.

Por tanto, o impacto demográfico da norma é positivo, pola súa incidencia na mellora da calidade alimentaria, no fomento do emprego nas zonas rurais, a mellora do comercio de proximidade, así como por cumprir as medidas que a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, lle impón a consellería con competencias materia de calidade alimentaria.

Santiago de Compostela

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

(documento asinado dixitalmente)

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 12/07/2022 10:20:45

CVE: NCYM1isa5TG1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve